



Aínda agora que son adulta e vivo nunha gran cidade
recordo coma se fora hoxe o que vivín unha noite de
inverno na pequena aldea galega entre montañas na que nacín.
Alí viviamos poucas persoas, a maioría anciáns supersticiosos.
Polas tardes case sempre estaba soa na casa, xa que os
meus pais traballaban co gando e nas leiras.
A tarde, que aínda agora recordo, parecía unha tarde colquera,
viví visitarme a miña veciña María, e falamos das lendas da
nosa aldea; ese día noteina diferente, máis triste e distraída.
Un pouco despois de que ela marchara, chegou a miña nai
moi triste e contoume que atoparon á Señora María morta
na súa cama, e que falecera, polo menos, había dous días.